



COMUNICACIÓN DO 6 DE NOVEMBRO DE 2020 DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA RELATIVA Á CELEBRACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE VINTE E DÚAS (22) PERSOAS CANDIDATAS DO LISTADO PROVISIONAL DE PUNTUACIÓNS PARA A COBERTURA DE CATORCE (14) DAS QUINCE (15) PRAZAS CONVOCADAS PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CABO DE CRUZ.

1. Por resolución do 01.06.2020 da xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña, convocouse proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Cabo de Cruz. Neste proceso convocáronse quince (15) prazas (14 prazas por unha quenda xeral e 1 por unha quenda especial).

2. Por resolución 02.10.2020 do xefe territorial da Consellería do Mar da Coruña, publicouse a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Cabo de Cruz e as persoas excluídas do proceso. Nesta resolución estableceuse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas.

3. Transcorrido o prazo anterior, as seguintes persoas aspirantes presentaron alegacións:

- O 09/10/2020, Barboza Duarte, Ana Laura, ***2709**
- O 09/10/2020, Villalpando Barboza, Ana Elisa, ***9694**

4. Unha vez revisadas as alegacións presentadas non son estimadas e por tanto non modifican as puntuacións provisionais outorgadas xa que fan referencia aos apartados de baremación establecidos na Resolución do 12.11.2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé e non ás puntuacións outorgadas pola resolución de 02.10.2020.

5. O proceso selectivo foi convocado para quince (15) permisos de explotación (14 por unha quenda xeral e 1 por unha especial), polo que o número de persoas aspirantes seleccionadas non poderá ser superior ao de prazas convocadas

6. A base 1.1. da Resolución de 01.06.2020 pola que se convocou o proceso selectivo indica que se algunha das persoas candidatas se atopa en circunstancias socioeconómicas de especial necesidade e reunise a puntuación suficiente para ser seleccionada pola quenda xeral, incluírase nesa quenda. En caso contrario, figurará na quenda especial. Tendo en conta que hai un empate con 10,00 puntos entre 2 persoas que se presentaron por esta quenda e que reúnen a puntuación suficiente para a súa selección pola quenda xeral, inclúense nesta quenda. Deste xeito, estas persoas entran no sorteo para determinar as persoas seleccionadas por empate de puntuacións para as prazas da quenda xeral. De non seren seleccionadas estas persoas na quenda xeral, a orde de prelación entre elas determinará a persoa seleccionada para a quenda especial.

7. Deste xeito, prodúcese un empate para catorce (14) prazas (da quenda xeral) entre vinte e dúas (22) persoas aspirantes e si é o caso, por unha (1 da quenda especial) entre dúas (2) persoas aspirantes que acadaron todas elas 10,00 puntos en total.





8. O apartado 4 do anexo I da resolución de 12 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé establece que:

“En caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación”.

Por tanto, realizarase un sorteo único entre as vinte e dúas (22) persoas empatadas e a orde de prelación determinará a orde de asignación das 14 prazas da quenda xeral e se fora necesario a asignación da praza da quenda especial.

Visto o exposto e no exercicio das súas competencias esta xefatura territorial,

COMUNICA:

A celebración dun sorteo para dirimir o empate xurdido entre vinte e dúas (22) persoas aspirantes para acceder a catorce (14) prazas da quenda xeral e entre dúas (2) persoas para acceder a unha (1) praza da quenda especial, de seren necesario, para o acceso ao permiso de explotación para marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Cabo de Cruz.

As persoas aspirantes recibirán notificación desta xefatura territorial informándolles da celebración do sorteo público. O resultado do sorteo determinará a posición na lista de reserva das persoas aspirantes non seleccionadas.

Lugar de celebración:

Centro cultural Lustres Rivas
Rúa Manuel Lustres Rivas, 20, 2º
15960 - RIBEIRA

Data: 16 de novembro de 2020

Hora: 10:30 h en primeira convocatoria - 11:00 h en segunda convocatoria.





Relación de persoas aspirantes empatadas:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
CARREÑO	VICENTE	RAMIRO	***6521**
PENSADO	BOO	DELFINA	***5821**
AGRA	GÜETO	MARIA DEL MAR	***6596**
BLANCO	SOUTO	ROSA MARIA	***7764**
BUGALLO	MOURIÑO	ALBERTO	***8628**
FIGUEIRA	MARTINEZ	MARIA DEL CARMEN	***3494**
GAGO	VITURRO	VANESA	***8246**
LAGUNA	SANTOS	IZASKUN	***3265**
MIRON	TORRADO	SHEILA	***8806**
MUÑIZ	FIGUEROA	PATRICIA	***3767**
MUÑIZ	GONZALEZ	MERY	***8431**
PEREZ	PIÑEIRO	ELISA	***3752**
PLACES	SUAREZ	ROBERTO	***8712**
RAMOS	GARCIA	ALBERTO	***3619**
RESUA	SAMPEDRO	LAURA	***8230**
ROMERO	FERNANDEZ	FRANCISCO	***8490**
SANCHEZ	COLLAZO	ALEJANDRO	***0741**
SANCHEZ	SANCHEZ	JUAN CARLOS	***8851**
SUAREZ	BRAVO	OLALLA	***8618**
TORRADO	ARES	TAMARA	***8507**
TORRE	HERMO	DIANA	***3410**
TUBIO	OUTEIRAL	MARIA DEL MAR	***5649**

Levantarase acta da realización do sorteo que reflectirá a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas para continuar a tramitación do proceso de selección.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero

